

# Comarca do Barbanza e Muros-Noia

Santa Uxia de Ribeira,  
A Póvoa do Caramiñal,  
Boiro, Rianxo,  
Porto do Son, Serra de Outes,  
Noia, Muros

## Renovando a comarca

Desde A Mesa pola Normalización Lingüística queremos felicitar con contundencia ao periódico quincenal que, desde hai uns meses, nos axuda ás barbanzás e aos barbanzans a sermos máis nós mesmas/os: *A Nova Comarca do Barbanza*. Este periódico achega-nos, en novas 100% redixidas en galego, á actualidade de Ribeira, A Póvoa do Caramiñal, Boiro e Rianxo.

*A Nova Comarca do Barbanza* segue unha fermosa tradición de periódicos que falaron no noso idioma, con total normalidade, desta Terra de Sagres (*A fiesta do Barbanza, O Barbanza día a día*, etc.).

Desexamos-lle un longo e venturoso futuro a este proxecto.

**A Nova Comarca**  
Edición  
FILMAGAL S.L.

ESTABELECIÓ: 107. RESPONSABILIDADE DE COMUNICACIÓN FILMAGAL S.L. D.N.I. 46921777. PREZO: 100 Ptas.




**'Expobarbanza', amosa os avances tecnolóxicos e industriais da comarca**

Ribeira postulouse unha vez máis como concello con vocación feral permanente. O pobo de Ribeira saíu do espazo axustado para a explotación turística e recreativa para dar lugar a un edificio de "Expobarbanza" que amosa os avances tecnolóxicos e industriais da comarca. O edificio, que se inaugurou o pasado 14 de maio de 2000, ocupa un tercio do casco urbano e está situado nunha zona de 14.000 metros cadrados para a explotación turística e recreativa. No novo edificio, a pesar de estar situado no casco urbano, a comarca de Ribeira, Toros e Caramiñal, mantén a súa identidade e a súa historia. Este edificio, que se inaugurou o pasado 14 de maio de 2000, ocupa un tercio do casco urbano e está situado nunha zona de 14.000 metros cadrados para a explotación turística e recreativa. No novo edificio, a pesar de estar situado no casco urbano, a comarca de Ribeira, Toros e Caramiñal, mantén a súa identidade e a súa historia.

## Demandamos que as páxinas de INTERNET do Concello de Ribeira teñan versión en galego

O goberno municipal de Ribeira parece seguir na súa teima de facer as páxinas turísticas ou de información do Concello, como as que agora ten en Internet, excluindo o idioma propio da Galiza, empecinamento que xa denunciámos con anterioridade desde A Mesa.



Resulta-nos totalmente inexplicable que se poidan considerar un "éxito" (tal e como fixeron fontes do goberno municipal) as páxinas de Ribeira en Internet se aquilo que nos define como pobo fica excluído das mesmas.

Enviamos-lle unha carta ao señor Dieste Mos, concelleiro supervisor desta información cibernética, instando-o a que tamén haxa versión en galego (non só en inglés e castelano), e recordando-lle que a Lei de Normalización Lingüística sinala no seu articulado que as administracións están obrigadas a promocionar o idioma propio. No prefacio desta norma legal indícase que a nosa lingua "na Galicia do presente serve de vínculo esencial entre os galegos afincados na terra nativa e os galegos emigrados polo mundo" (e os nosos emigrantes son os principais usuarios deste servizo).

## Suxestionana-nos

Desta volta, reproducimos nesta sección o artigo que o Coordinador de Zona, Carlos Manuel Callón Torres, enviou aos medios de comunicación con motivo do Día das Letras.

### HISTORIAS QUE NINGUÉN CRE

Vén a conto utilizar o título dunha obra de Ánxel Fole, pois a este grande home que defendeu coa súa pluma a nosa existencia como povo diferenciado se adica este ano o Día das Letras e, tamén, porque os novos datos estatísticos que acaban de ver a luz no III Volume do Mapa Sociolingüístico da Galiza (MSG) sinalan que os prexuizos cara ao noso idioma son **historias que –afortunadamente– xa ningúen cre.**

Como sinalabamos, os prexuizos a respecto do galego están en franco e afortunado retroceso. Así, no MSG, elaborado pola Real Academia Galega, e que é o estudo sociolingüístico máis completo dos que se teñen feito a un dialecto romance, sinalan-se datos moi esclarecedores. Por exemplo, no referente á nosa bisbarra, que máis do 80% da poboación de Ribeira e Boiro consideran que se desaparecera o noso idioma desaparecería a identidade da Galiza. Do mesmo xeito, en todos os concellos da Barbanza se considera moi importante o tema da lingua (en nengun baixa do 85% a poboación que ten tal estimación).

Moi de salientar son os posicionamentos no referente a quen cren as galegas e os galegos que lle compete a responsabilidade institucional de pulir pola normalización do noso idioma. Non chega a un 3% o número de persoas que eximen aos concellos de tal responsabilidade e nen a 2% as que cren que non é competencia da Xunta. Pola contra, un 88,3% das persoas entrevistadas (universo representativo da complexidade social da Galiza) observan que as cámaras municipais se deben responsabilizar bastante ou moito da normalización do galego, mentres un 89,7% fai a mesma aseveración no referente á administración autonómica. E, para rematar o noso percurso polo MSG, pór de manifesto que un 86,6% da poboación galega considera que se debe potenciar o uso do noso idioma propio.

Ante este panorama, está claro que xa ningúen pode crer historias como a de que as galegas e os galegos debamos agardar outros 14 anos máis para que se cumpra a Lei de Normalización Lingüística ou outros 500 anos para que os nosos dereitos lingüísticos sexan recoñecidos na práctica (como xa o están na teoría da Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos, asumida polos Parlamentos Galego e Español).

É a nosa responsabilidade non deixar que se perda o tesouro que temos no noso idioma e demandar que se cumpran as leis que o promocionan. Somos galegas. Somos galegos. Non renunciamos, pois, á nosa dignidade como seres humanos. Defendamos o noso idioma. Esixámo-lo perante as administracións. Falemos galego os 365 días das letras (366 os bisestos) que ten cada ano, esconxurando así as fantasmas que se cernen sobre o noso futuro lingüístico. Digamos, con Ánxel Fole, "En galego, ¡si, señor!".

## O futuro deste boletín

A saída de boletíns específicos para as zonas representa un gasto que non se pode cubrir coas cuotas das afiliadas e afiliados, pois a nosa capacidade económica debe-se mover fundamentalmente para lograr o obxectivo da nosa organización, isto é, facer avanzar o galego na nosa sociedade.

Xa que logo, se queremos que o boletín da Mesa da Barbanza e de Muros-Noia volva ver a luz, necesitaremos empresas que se nos publiquen nel.

As tarifas son:

**Módulo de 5,5cm x 8,5 cm = 5.000.- ptas**

**Módulo de 13 cm x 8,5 cm = 8.000.- ptas**

**Módulo de 13 cm x 17 cm = 15.000.- ptas**

**Módulo de 26 cm x 17 cm = 25.000.- ptas**

Se o conseguimos, veremnos en setembro.

## SOLICITEMOS, CON ENERXIA, UNHA FENOSA EN GALEGO

Xa enviaches a tua carta esixindo de Fenosa un cambio na súa actitude lingüística? Pois ningúen o vai facer por ti e, se quedamos sen a tua axuda, se non logramos facer presión adecuada, será moi difícil lograr avances para o galego.

O enderezo aonde escribir, indicando "Á Atención do Señor Director Xeral", é:

**Unión Eléctrica FENOSA**  
Capitán Haya, 53  
28020 Madrid



### OS CONCELLOS APOIAN-NOS

Na Povoia do Caramiñal e no Porto do Son aprobaron-se cadansua moción unánime para demandar de Fenosa un uso normal da nosa lingua.